

BANDO

SOBRE RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS NAS EXPLOTACIÓNS

O Concello de Barreiros puxo en marcha o servizo de recollida de plásticos agrícolas nas explotacións. Tras a primeira recollida levada a cabo durante o mes de maio, tense organizada unha segunda recollida para o mes de outubro.

A este respecto, ponse en coñecemento das persoas titulares de explotacións interesadas en contar con dito servizo na vindeira recollida das condicións para o mesmo:

PRIMEIRO.- É necesario que as explotacións interesadas neste servizo se **anoten antes do 11 de outubro** chamando ao 982.12.40.02, aportando os seguintes datos:

- Nome e documento de identidade da persoa responsable
- Número de teléfono
- Lugar de recollida
- Cantidade aproximada de plásticos

SEGUNDO.- Para a recollida dos plásticos estes deben atoparse nun estado razoable de limpeza, non podendo acumular grandes cantidades de terra ou restos orgánicos. Deben estar debidamente acumulados en sacas ou gavelas amarradas que faciliten o manexo e eviten que se cisquen.

TERCEIRO.- Con carácter previo á recollida, o persoal municipal encargárase de comprobar o correcto depósito dos mesmos, así como o lugar correcto de recollida.

CUARTO.- Para a recollida na explotación márcase **un mínimo de acumulación duns 3m³**.

O que se fai público para coñecemento xeral, en Barreiros a 25 de setembro de 2023.

A alcaldesa,

Ana Belén Ermida Igrexas

